

DEMO GAME JAM

PUNTOS CLAVE



Inscripciones



Datas



Tema



Premios



Contido



Ferramentas





TEMA

O sincretismo en Galicia

A cultura galega non pode entenderse sen a mestura: de costumes, crenzas e formas de expresión que se entrelazan e transforman co tempo. Dende a cristianización dos ritos pagáns —onde o antigo non desaparece, senón que se adapta e permanece baixo novas formas— ata a vangarda tradicionalista de Díaz Pardo, pasando pola pegada latinoamericana que resoa nas verbenas; o sincretismo é o fío invisible que une o pasado e o presente, o propio e o alleo.



TEMA: EXEMPLOS

**CRUCEIROS EN LUGARES DE CULTO
PAGANOS**

AS ROMARÍAS

SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

O LABORATORIO DE FORMAS

No contexto desta jam, pensamos o sincretismo como un proceso vivo e amplo. Trátase de reflexionar sobre a complexidade da construción da identidade cultural, recoñecendo a multitude de influencias e dinámicas que interactúan nela. Máis que un concepto académico, vémolos como un vehículo para explorar como se mesturan e reformulan tradicións, costumes e crenzas para crear algo novo e en constante evolución.



CONTIDO

O contido debe ser **orixinal e creado durante o tempo de duración da jam**. Tamén podes usar assets licenciados como Creative Commons. Ademáis, **incentivamos o uso de recursos galegos** de dominio público, como os que podes atopar en:

<https://apoi.museodopobo.gal/>



FERRAMENTAS

Podes usar as ferramentas que queiras .
Incentivamos o uso de ferramentas OpenSource como Godot para a programación, Krita, Gimp ou Blender para o apartado gráfico ou Audacity para o musical.



DATAS

Xa podes empezar a crear o teu xogo de forma independente ou a traballalo en clase.

Límite de entregas: o 23 de novembro será o último día para subir os xogos a itch.io

Votacións: do 23 ao 27 de novembro terá lugar a fase de votacións. Todo o mundo pode votar! A organización do demo tamén avaliará os xogos, pesando o seu voto un 40%.

Gala de premios: o venres 28 de novembro pola mañá, no marco do Culturgal e en colaboración co Museo do Videoxogo.



PREMIOS

Os xogos gañadores recibirán, na entrega de premios:

- un **lote de libros (primeiro primeiro)**
- **entradas para o MUVI(primeiro premio)**
- a **inclusión do xogo no arquivo** de videoxogos do museo. (os tres finalistas)
- un bote de mel de **Mel de Meigas (tres finalistas)**

GAME JAM



DEMØ